

ANEXO: FÍSICAS QUE TEÑEN QUE VER CON ESTA HISTORIA

Hipatia de Alexandría (séc. IV)

Matemática e astrónoma, naceu en pleno debate científico acerca da posición da Terra no Universo. Participou na análise das obras dos matemáticos máis importantes da súa época, así como na análise matemática dos movementos dos astros descritos por Ptolomeo. Foi asasinada por ser muller e científica.

Émilie du Châtelet (1706-1743)

Matemática e física, traduciu os *Principia* de Newton ao francés, difundindo e discutindo as súas teorías e aplicacións prácticas. Autora de *Disertación sobre natureza e propagación do lume*, *Institucións de Física* e *Principios matemáticos da Filosofía natural*.

Marie Sklodowska Curie (1867-1934)

Física e química, as súas investigacións desenvolveron a teoría da radioactividade, técnicas para illar isótopos radioactivos e o descubrimento de dous elementos químicos: o polonio e o radio. Foi a primeira muller en gañar un premio Nobel.

Elisabeth Fleischman (1867-1905)

Radióloga, estudosa e pioneira na aplicación dos raios X na medicina e a posta en práctica de medidas de protección para o persoal sanitario. Morreu polos efectos provocados na súa saúde a radiación.

Mileva Marić (1875-1948)

Matemática, desenvolveu investigacións sobre teoría de números, cálculo diferencial e integral, funcións elípticas, teoría da calor e electrodinámica. Crese que os seus coñecementos foron esenciais para que Einstein desenvolvera as súas coñecidas teorías da relatividade.

Lise Meitner (1878-1968)

Física, postulou a fisión nuclear do uranio. O seu descubrimento científico de primeira liña posibilitou importantes

aplicacións, como reactores para producir electricidade, armas nucleares e avances na medicina nuclear.

Virgina T. Norwood (1927-)

Física, participou no proxecto Landsat, primeiro satélite artificial da Nasa, introducindo sensores remotos para a observación terrestre con aplicación en distintas áreas ambientais e económicas, anunciando, algo inconcibible nos anos 70, que no futuro a transmisión da información desde o espazo á terra sería dixital.

Vera Rubin (1928-2016)

Astrónoma, pioneira na medición de rotación das estrelas dentro dunha galaxia. Corroborou que as curvas de rotación galáctica permanecen planas, proba da existencia da materia escura.

Helen Quinn (1943-)

Física, destaca polas súas investigacións para unha teoría unificada das interaccións de partículas, sobre a posible simetría do universo e a composición da materia escura.

Lene Hau (1959-)

Especialista en física teórica, aínda que os seus esforzos están centrados na física experimental e no interese en crear un novo estado da materia denominado Bose-Einstein.

Nergis Mavalvala (1968-)

Astrofísica, física e física cuántica, formou parte do equipo científico que, por primeira vez, observou ondas na estrutura do espazo-tempo, chamadas ondas gravitacionais.

Laura Mersini (1969-)

Física e cosmóloga. É unha das promotoras da controvertida hipótese da existencia do multiverso, que postula que existen moitos universos diferentes ao noso, que se manifestarían en todas as súas formas (espazo-tempo, materia, enerxía) e que estarían sometidos a leis físicas como as que coñecemos.